PLAN DE IGUALDADE

I.E.S. Politécnico de Vigo

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO 3

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA 6

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN 11

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS . 14

6. METODOLOXÍA 18

7. CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN 19

1. INTRODUCIÓN

A lexislación comunitaria en materia de igualdade de xénero constitúe a base fundamental da política de igualdade de oportunidades en Europa.

Na mesma liña, a Constitución española promulga que somos iguais ante a lei, e aínda que a normativa vixente, con longo percorrido, ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero, esta non se reflicte en todos os ámbitos sociais, e, polo tanto, tampouco na escola.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ao conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuízos nos que todos e todas fomos enculturadas e que nos seguen transmitindo toda a nosa contorna, a familia, os medios de comunicación, etc. Estes prexuízos sexistas e LGBTIfóbicos (rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais) constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de desigualdade, violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio. Por tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto profesorado, alumnado como resto da comunidade educativa se expoñan a devanditos prexuízos, adquiran un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero.

Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos.

Considérase, por tanto, que o ofrecer igualdade de xénero na educación é condición necesaria para que as potencialidades individuais de mulleres e homes poidan estimularse e desenvolverse. Pero non é igualitario, nin por tanto xusto, tratar do mesmo modo a quen son diferentes, nin obviar as diferenzas aplicando modelos. Con todo, ter o mesmo valor non implica que teñan a mesma identidade nin que sexan uniformes, a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades.

A igualdade garante o respecto aos dereitos fundamentais e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio desde os primeiros niveis de escolarización.

No proxecto educativo de centro contemplaranse medidas para promover a igualdade de xénero e o respecto á diversidade sexual, á identidade de xénero e aos diferentes modelos familiares xa que os Proxectos educativos deben potenciar a igualdade de oportunidades entre crianzas e entre adolescentes, sexa cal sexa a súa condición. A finalidade destes proxectos é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a un determinado modelo familiar e previr as súas consecuencias.

Este plan de Igualdade ten por obxectivo asentar as bases para conseguir un **centro coeducativo, libre de discriminacións e respectuoso coa diversidade sexual, identidade de xénero e modelos familiares, no que todo o alumnado teña o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.**

No IES Politécnico de Vigo está vixente dende xuño do ano 2016 un Plan de Igualdade no que se contemplan unha serie de obxectivos e medidas a desenvolver no eido da coeducación e da educación en diversidade sexual, de identidade de xénero e familiar que deron lugar a numerosas actividades e proxectos desenvolvidos nos últimos catro anos.

Deste xeito o presente plan de Igualdade, que vén a actualizar o vixente ata agora, segundo a instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, está baseado como o anterior, nos

principios dun modelo coeducativo que garante os valores democráticos (igualdade, liberdade, xustiza) e a defensa dos dereitos humanos; introduce a transversalidade e a inclusión, erradicando calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero, orientación sexual ou modelo familiar; axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades e contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos, visibilizando a diversidade da realidade humana para favorecer a identificación e enriquecer todos os saberes.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

A **Constitución española** de 1978 recoñece no seu artigo 14, a igualdade ante a lei por razón de sexo.

A **Lei Orgánica 2/2016 , de 3 de maio, de Educación (LOE)** modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), establece que uns dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes**, establece no seu artigo 23 que o sistema educativo incluirá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes:

A **Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero** establece en varios dos seus artigos a

necesidade de revisar os contidos educativos para garantir a non vulneración do principio de igualdade ademais de desenvolver e difundir proxectos e materiais didácticos dirixidos a transmitir os valores de respecto que permitan a prevención de actitudes e situacións violentas. Nesta mesma lei establecese a necesidade de incluír a perspectiva de xénero nos Plans de AcciónTitorial e nos Proxecto Educativos e Curriculares de Centro.

A **Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais**, establece no seu artigo 22 a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, de modo que se incorpore esta realidade na educación naquelas materias en que sexa procedente. No artigo 24, incorpórase a formación para o persoal docente da realidade LGTBI e no artigo 26, a necesidade de favorecer a visibilidade, co a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

O **Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade,** establece no Capítulo IV, a necesidade de que a Administración Educativa estableza medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para igualdade.

Nesta liña establece o seguinte:

- A inclusión de programas de formación do profesorado, como materia específica, sobre a igualdade e a violencia de xénero.
- A necesidade de erradicar prexuízos nos centros docentes, de modo que non se admitan desigualdades entre alumnas e alumnos e entre os e as docentes non se permita ningunha forma de machismo e de misoxinia.
- A necesidade de integrar a igualdade na formación profesional.
- A realización de actividades dirixidas á comunidade para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Con respecto ao marco normativo do noso centro queremos destacar a presenza da igualdade nos seguintes documentos:

- **Plan Xeral de Atención á Diversidade.**

  Establécese que os horarios e grupos se establecerán atendendo ao criterio de igualdade de oportunidade.

- **Plan de Convivencia.**

  Recolle actividades de sensibilización en materia de igualdade, en concreto actividades de:

  - Incorporación dos aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.
  - Sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
  - Sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

  Recolle a existencia da Aula de apoio ao alumnado pertencente ao colectivo LGBTI

- **Proxecto Educativo:**

Establece que a actividade educativa se desenvolverá atendendo á efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Actividades de diagnóstico:

As actividades de diagnóstico permiten coñecer o grao de sexismo no centro escolar e introducir cambios que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as seguintes:

A porcentaxe de:

- Alumnas/os en Bacharelato
- Alumnas/os en Ciclos Formativos
- Profesoras/es
- Xefas/es de departamento
- Persoal da limpeza homes/mulleres
- Equipo directivo homes/mulleres
- Consello Escolar homes/mulleres
- Comisión de Convivencia
- Biblioteca
- Equipo de Dinamización Lingüística
- Equipo de Igualdade
- Persoal Administrativo
- Conserxería

Datos (curso 2019-2020)

Representación do profesorado e resto de persoal do centro:

	Mulleres	Homes
Equipo Directivo	2	3
Claustro	62	66
Consello Escolar	10	7
CCP	9	16
Comisión de Convivencia	5	2
Biblioteca	1	3
Equipo de Dinamización Lingüística	2	1
Equipo de Igualdade	12	1
Persoal de limpeza e mantemento	7	0
Persoal administrativo	4	1
Conserxería	2	3

Matrícula en función dos distintos itinerarios:

	Mulleres	Homes
ESO	103	124
ESA	4	13
Bacharelato Científico-Tecnolóxico	52	83
Bacharelato Artístico	208	84
Ciclos Formativos	93	672

Outros indicadores para analizar a situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa lgbtifobia poden ser os seguintes:

- Detectar posibles situacións de violencia de xénero que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar o alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por razón de xénero; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.
- Realizar un diagnóstico, revisando todo os documentos do centro, para detectar se existe unha linguaxe inclusiva.
- Analizar se a orientación académica e laboral que se realiza a través das titorías e do departamento de orientación realízase ao marxe de estereotipos de xénero.
- Realizar unha análise crítica dos libros de texto e demais materiais utilizados co alumnado para recoñecer situacións de desigualdade, invisibilización das mulleres, imaxes estereotipadas por xénero ou linguaxe sexista.
- Revisar o material bibliográfico da biblioteca desde unha perspectiva de xénero e de diversidade sexual.
- Revisar se existe algún protocolo de prevención ou de actuación ante unha situación de agresión sexual.
- Analizar as actividades que se realizan en relación a temas relacionadas coa sexualidade, en concreto, obradoiros ou palestras relacionadas coa Educación Sexual.
- Realizar un diagnóstico utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da

diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.

- Analizar se existe un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais do centro.
- Analizar se existe un protocolo en caso de acoso por homofobia e transfobia accesible, efectivo e integral.
- Analizar se se celebran efemérides específicas relacionadas coa Igualdade, a prevención da violencia de xénero e a Diversidade.
- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a igualdade de xénero, a diversidade cultural, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- Analizar se o equipo directivo, o claustro e o Consello Escolar fomentan a relación entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...) xunto a elas.

Partindo desde diagnóstico previo, ofrecemos a situación actual do noso centro a través dun DAFO:

Elementos Internos	
Fortalezas	• Contamos con Plan de Igualdade, aprobado no claustro de xuño do 2016. • Existe un Equipo de igualdade constituído desde a aprobación do Plan. • Existe unha persoa responsable de diversidade sexual, identidade de xénero e familiar. • Ao longo destes cursos, temos desenvolvidas moitas actividades sobre os diferentes aspectos relacionados coa Igualdade e coa Diversidade. • Participamos en tres contratos programas de innovación educativa e no Proxecta Donas de si.

- Temos revisados todos os documentos do centro.
- Temos aprobada a materia de Igualdade en 2º da ESO.
- Moitos das medidas concretas de actuación están desenvolvidas no centro:
    - Paridade na elección de delegadas/os coa definición da figura de codelegada/o.
    - Existencia dun Taboleiro de Igualdade e Diversidade.
    - Desenvolvemento de actividades en todos os días conmemorativos.
    - O alumnado trans é tratado conforme ao nome e ao xénero elixido.
    - Contamos con páxina web, tanto de Igualdade como de Diversidade.
    - A Biblioteca incrementouse considerablemente de lecturas coeducativas.
- O Equipo Directivo é paritario e manifesta un claro compromiso coa Igualdade.
- A implicación do Departamento de Orientación permite canalizar moitas das actividades, a través das titorías.

Debilidades

- Comprobamos que os estereotipos de xénero seguen presentes na elección de itinerarios académicos e profesionais.
- As mulleres profesoras teñen menor presenza nos ciclos formativos. Continúa a estar sesgada a formación profesional en función da familia. No noso centro, con oferta formativa de carácter industrial, tanto o alumnado como o profesorado é predominantemente masculino.
- A formación do profesorado en materia de igualdade segue a ser escasa, o que supón unha limitación importante para incorporala de forma transversal en todas as materias.
- Os libros de texto e os materiais didácticos, maioritariamente, carecen de perspectiva de xénero e dunha linguaxe inclusiva, non sexista.
- O alumnado recibe unha formación moi escasa en educación sexual e esta non é transversal nin inclusiva.
- A visibilización de mulleres relevantes da nosa historia é moi pequena. Esta realidade atende á súa invisibilización no currículo e tamén nos libros

de texto.

- O patio, como espazo de convivencia, non é coeducativo. Maioritariamente os rapaces ocupan os espazos centrais e as rapazas os espazos periféricos.
- A linguaxe inclusiva aínda non está xeralizada no centro, sobre todo, na comunicación oral
- Non existen uns indicadores oficiais elaborados pola Consellería contra os que poidamos avaliar o índice de violencia machista do centro.
- Non existen uns indicadores oficiais elaborados pola Consellería para poder rexistrar o nivel de violencia que pode vivir o alumnado nas súas familias.
- Non existe un Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual no noso centro.
- Non existe un Protocolo específico de actuación fronte ao acoso LGBTfóbico.

Elementos Externos	
Oportunidades	• Existen no noso contorno máis inmediato un número importante de entidades que colaboran na definición de moitas actividades que se desenvolven no centro
Ameazas	• O Equipo de Igualdade carece de liberación horaria para o desenvolvemento de todas estas accións definidas no Plan, xa que a normativa non a contempla polo que o desenvolvemento das actividades depende da voluntariedade. • A sobrecarga de funcións do profesorado dificulta o compromiso e a continuidade no tempo das persoas que integran o Equipo de Igualdade. • A materia transversal de Igualdade só conta cunha hora por semana de clase, carga horaria insuficiente para poder traballar a igualdade en profundidade. • Non existe un Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual de referencia para os centros educativos.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Contribuír a unha educación coeducativa en sentido amplo e pleno no noso centro.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa.
- Impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Activar protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, de orientación sexual, de identidade de xénero e de pertenza a diversos modelos familiares.
- Difundir os obxectivos coeducativos do presente plan entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Promover unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero e de orientación sexual.
- Realizar actividades dirixidas ao alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial.

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a arte, a cultura, e o desenvolvemento da sociedade.
- Motivar ao alumnado para que adquira a formación adecuada para fomentar a súa autonomía persoal e os coñecementos e habilidades para compartir

responsabilidades domésticas, familiares e de coidado, e contribuír a eliminar comportamentos e actitudes sexistas.

- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a existencia de estereotipos de xénero en todos os ámbitos da vida.
- Promover a reflexión sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles de xénero.
- Fomentar a diversificación profesional como forma de promover unha elección académica e profesional libre e como vía de eliminación progresiva da segregación ocupacional vertical e horizontal.
- Fomentar no profesorado a posta en práctica de actuacións ou proxectos de igualdade.
- Promover o uso da linguaxe inclusiva en todos os ámbitos educativos e por parte de toda a comunidade educativa que contribúa á visibilización das mulleres.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

Violencia de Xénero:

- Promover e impulsar unha educación baseada no bo trato.
- Contribuír á transformación de estereotipos machistas, que orixinan a desigualdade e a violencia de xénero en todas as súas manifestacións.
- Contribuír á erradicación do acoso sexual, o abuso sexual e a denominada cultura da violación revisando os procesos visibeis e invisibeis, que permiten a perpetuación destas formas de violencia de xénero.
- Promover a formación de profesorado e alumnado na resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar unha convivencia baseada na igualdade e o diálogo entre iguais.
- Previr situacións de acoso sexual e violencia de xénero.

- Promover accións relativas á sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero.
- Dotar toda a comunidade educativa de estratexias e coñecementos para detectar posibles manifestacións dunha situación de violencia de xénero e para poder actuar de forma inmediata.

Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Favorecer e promover o respecto á libre orientación sexual, á identidade de xénero e aos diversos modelos familiares.
- Mostrar a presenza da diversidade sexual, familiar e de xénero nas contornas educativas e como esta se atopa invisibilizada nas prácticas docentes.
- Promover unha educación sexual inclusiva e diversa que teña en conta as persoas LGBTIQA+.
- Espertar o espírito crítico do alumnado sobre os estereotipos de xénero e de orientación sexual que nos chegan a partir dos produtos culturais como a publicidade, os vídeo clips, os videoxogos e o cinema.
- Proporcionar ferramentas e recursos para tratar, dado o caso, a presenza de alumnado trans no centro; máis concretamente, seguir o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero de Galicia e construír espazos (arquitectónicos, relacionais) e climas escolares inclusivos e non sexistas para todas as persoas.
- Destacar a importancia da linguaxe en canto á inclusión de toda a comunidade educativa, e a necesidade de chegar a novas formas de expresión coas cales ninguén senta excluído, sexa cal for o seu xénero ou orientación sexual.

Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Promover o respecto á libre orientación sexual e a identidade de xénero e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.

- Visibilizar o acoso escolar por LGBTfobia como un dos principais motivos que impiden o libre desenvolvemento dos e as mozas LGBTIQA+.
- Incorporar a aprendizaxe de métodos non violentos para a resolución de conflitos e de modelos de convivencia baseados no respecto á diversidade e no respecto á igualdade de mulleres e homes, e visualizar ante o alumnado aos grupos de mulleres en situación de múltiple discriminación así como dos colectivos tamén discriminados.

5. MEDIDAS CONCRETAS E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

A continuación detállanse as accións que se levarán a cabo segundo os diferentes ámbitos de actuación de partida do noso centro:

Adopción de medidas concretas:

Realizado un diagnóstico previo, adoptáranse medidas encamiñadas a favorecer a igualdade e a non discriminación por diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

Medidas organizativas de centro:

- Nomeamento dunha **persoa responsable de igualdade que, xunto co Equipo de igualdade que se forme cada curso académico,** terá entre as súas responsabilidades a de desenvolver e impulsar o Plan de Igualdade nos seus catro apartados.
- Nomeamento da Titoría de Diversidade Sexual, Identidade de Xénero e Familiar, que terá as seguintes atribucións:
    - Coordinar o Programa de Atención á Diversidade Sexual, Identidade de Xénero e Familiar para combater o acoso por razón de orientación sexual, identidade de xénero ou configuración familiar e favorecer a visibilidade das persoas LGBTIQA+.
    - Traballar en colaboración coa coordinadora do Plan de Igualdade, co

Equipo Directivo, co Departamento de Orientación, cos titores e titoras, co profesorado e co persoal de administración e servizos na atención específica das necesidades do alumnado LGBTIQA+, das súas familias e dos diversos modelos familiares.

- Asesorar e colaborar co profesorado na inclusión da realidade LGBTIQA+ nos plans de estudos tal e como indica o artigo 22 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Colaborar coa ANPA na divulgación da realidade LGBTIQA+ e dos diversos modelos de familia.

- Implantar a paridade na elección a delegados/as do alumnado, mediante a figura do codelegado e da codelegada.
- Intentar lograr a paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos.
- Implantar materias de libre configuración específicas de igualdade de xénero.
- Participar en Plans de Innovacion Educativa onde se traballe de maneira directa e transversal a Igualdade.
- Establecer medidas de igualdade e de atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro, Regulamento de Réxime Interno, Plan de Convivencia e Plan de Acción Tutorial.
- Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade sexual, de xénero e familiar.
- Posuír unha páxina web que difunda recursos didácticos relacionados con este plan así como a relación de actividades desenvolvidas
- Linguaxe inclusiva:
    - Favorecer un uso da linguaxe inclusiva no centro e na aula.
    - Revisar e modificar todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe inclusiva, non sexista.

- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Elaborar un Protocolo de Prevención e Protección fronte ao acoso sexual.
- Elaborar un Protocolo de intervención en caso de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado.
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate o alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa. No caso de que este alumnado sexa menor de idade, recabarase a colaboración da familia.
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e saberes.

- Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero, novas masculinidades e contra a violencia sexista.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade, a educación afectivo-sexual e a LGBTIfobia.
- Organizar a celebración da Semana da Diversidade con diferentes actividades.
- Organizar actividades en efemérides concretas, tales como o 25 de novembro, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres; o 8 de marzo, Día da Muller; o 26 de abril, Día da visibilidade Lésbica; o 17 de maio, Día Internacional contra a Homofobia e Transfobia, etc.

- Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva do xénero, a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar: o día das Letras Galegas, o Día da Paz, etc.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir toda a información relativa á igualdade a través dun taboleiro.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outros materiais coeducativos relativos a temáticas feministas, igualdade, diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionante de sexo ou xénero á hora elixir as ensinanzas, sobre todo as de carácter profesional, que son as máis sesgadas polo sexo ou xénero.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa, como parte da prevención de riscos laborais.
- Favorecer que o alumnado «trans-» poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de

responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.

- Fomentar a presenza de referentes positivos de diversidade sexual, familiar e de xénero no centro educativo, apoiando a visibilidade da comunidade LGBTI se o considera pertinente e poida así converterse nun referente próximo para toda a comunidade educativa.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Implicar as familias nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade sexual e familiar.
- Sensibilizar o profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade sexual e familiar.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).

6. METODOLOXÍA

Teranse en conta os seguintes principios:

- Partir da realidade do centro.

É importante ter en conta a realidade que envolve o centro, coñecendo o contexto social que envolve o alumnado, de modo que se atenda ás súas necesidades e demandas.

- Participación.

A coeducación e o respecto pola diversidade non é tarefa dunha soa persoa senón de moitas e é necesario que exista unión entre toda a comunidade educativa. Será

un principio de actuación implicar toda a comunidade educativa no desenvolvemento deste Plan de Igualdade.

- Partir de situacións compartidas.

Propiciarase a participación doutros axentes alleos ao centro, como asociacións, entidades e outros centros de ensino, a fin de lograr un intercambio de experiencias.

- Gozar.

Non queremos que a coeducación e o respecto pola diversidade sexa unha área a parte, senón que sexa un valor implícito nas distintas materias impartidas.

- Respectar.

O diálogo será a base do respecto, para definir obxectivos, estratexias e actuacións no centro.

- Traballar en equipo.

Un dos elementos fundamentais que incidirán na eficacia da intervención coeducativa será a coherencia entre propostas do profesorado e os comportamentos cotiáns. Sería difícil transmitir ao alumnado unha visión integradora se non conseguimos traballar en equipos coordinados.

- Revisar o traballo:

Realizaranse revisións periódicas do Plan de Igualdade, así como do noso traballo.

7. CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento fundamental nun Plan de Igualdade xa que permitirá unha mellora continua e un diagnóstico dos puntos fortes e débiles do noso plan. Para a avaliación do Plan de Igualdade utilizaranse diferentes instrumentos e intentarase a participación activa de toda a comunidade educativa:

- ✓ Observación
- ✓ Cuestionarios entre alumnado, profesorado e familias
- ✓ Enquisas para a análise da situación no centro.

- ✓ Recollida de datos cuantitativos e cualitativos

Así mesmo avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias…), a consecución de obxectivos, os materiais empregados, a actitude do alumnado, a implicación do claustro en materia de Igualdade…

A avaliación é a ferramenta imprescindible para mellorar, corrixir e modificar as actuacións realizadas e tamén para detectar posibles fortalezas e debilidades.

Elaboraremos unha memoria final, onde se recollerán o grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados no presente Plan.